

# **IES DE PORTO DO SON**

## **PROGRAMACIÓN**

### **EDUCACIÓN FÍSICA**

Curso 2016/2017

# IES DE PORTO DO SON

CURSO 2016-2017

PROGRAMACION DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

NOME XEFE/A DE DEPARTAMENTO

MARCIAL DE MARTÍN VÁZQUEZ

<i>PROFESORADO</i>	<i>MATERIAS QUE IMPARTE</i>
X.D. MARCIAL DE MARTÍN VÁZQUEZ	EDUCACIÓN FÍSICA-3ºESO-4ºESO-1ºBACHARELATO. DINÁMICA DE GRUPOS-CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO.
JOSÉ MANEIRO CES	EDUCACION FÍSICA-2º ESO. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES-2º ESO. REFORZO MAT-2º ESO.
ALEJANDRA CARRO MAHÍA	DESPRAZAMENTO, ESTADÍA E SEGURIDADE NO MEDIO TERRESTRE-CICLO FORMATIVO. CONDUCCIÓN DE GRUPOS EN BICICLETA-CICLO FORMATIVO. ACTIVIDADES FÍSICAS PARA DISCAPACITADOS. CICLO FORMATIVO.
EVA LÓPEZ RÍOS	EDUCACIÓN FÍSICA-1º ESO.CONDUCCIÓN DE GRUPOS EN BICICLETA-CICLO FORMATIVO. FUNDAMENTOS BIOLÓXICOS SAÚDE E PRIMEIROS AUXILIOS-CICLO FORMATIVO.

## REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

## GLOSARIO

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polo departamento didáctico.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
<b>Criterios de cualificación</b>	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). <b>O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.</b>
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o <b>grao mínimo de consecución</b> esixible dun estándar para superar a

Criterios de cualificación e instrumentos	materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
<b>Procedementos e instrumentos</b>	Serven para ponderar “ <b>o valor</b> ” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Rúbrica	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a <b>integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente</b> (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
Portfolio	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
<b>OUTROS ASPECTOS</b>	
Graduación dos estándares	Achega de producións dun alumno/a.
Perfil de área	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis pónense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.

---

## ÍNDICE

---

- Introducción e contextualización. ....p.6
- Competencias e estándares.....p.8
  - a. Contribución (*da materia propia do departamento*) ao desenvolvemento das competencias clave.
  - b. Estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- Obxectivos para o curso. ....p.32
  - a. Obxectivos xerais da ESO.
  - b. Obxectivos xerais de Bacharelato.
- *Temporalización. Grao mínimo de consecución para superar a materia. Procedementos e instrumentos de avaliación*.....p.36
- Concrecións metodolóxicas que require a materia. ....p.66
- Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar. ....p.98
- Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado. ....p.99
  - a. Avaliación inicial.**
  - b. Avaliación Ordinaria. Avaliación Extraordinaria.**
  - c. Seguemento e recuperación.**
  - d. Avaliación de pendentos.**
  - e. Criterios de promoción.**
- Medidas de atención á diversidade.....p.116
- Elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....p.118
  - a. Educación en valores
  - b. Accións de contribución ao plan TIC
  - c. Accións de contribución ao Plan de Convivencia
  - d. Accións de contribución ao Proxecto Lector
  - e. Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico
- Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....p.126
- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. .... p.127
- Mecanismos de rev. de aval. emod. das programacións didácticas e procesos de mellora.....p.129
- Temporalización por unidades didácticas.....p.131
- ANEXOS(Programación Fomento de Estilos de Vida Saudables e Adaptación Curricular).....p.136

---

## 1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

---

**Consideramos** que a materia de Educación Física ten como obxectivo principal desenvolver nas persoas a súa competencia motriz, entendida como a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados sobre todo á conduta motora.

Valoramos como **orientacións pedagóxicas** propias do departamento á hora de impartir a materia as seguintes:

Para a consecución dos obxectivos non será suficiente coa mera práctica, senón que se fai necesario a análise crítica que afiance actitudes, valores referenciados ao corpo, ao movemento e a relación co entorno para que deste xeito o alumnado logre controlar e dar sentido ás súas propias accións motrices, comprender os aspectos perceptivos, emotivos e cognitivos relacionados coas ditas accións e sexa quen de xestionar os sentimentos vinculadas as mesmas, ademais de integrar coñecementos e habilidades transversais como o traballo en equipo, o xogo limpo, o respecto as normas, e a seguridade entre outras.

Así mesmo, a Educación Física enténdemola vinculada a adquisición de competencias relacionadas coa saúde, a través de accións que axuden á adquisición e consolidación de hábitos responsables de actividade física regular e a adopción de actitudes críticas ante prácticas individuais, grupais e sociais non saudables.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Fomentaremos desde o departamento que na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato alumnado utilice o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Nestas etapas educativas, a Educación Física debe permitir incrementar e mellorar o seu compromiso motor, sempre adecuado ás súas posibilidades, e deseñaremos as habilidades motrices específicas con complexidade crecente á medida que se progresa nos sucesivos cursos.

As actividades programadas axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos

sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación Física, na etapa de ESO e o BACHARELATO terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan.

-----

O IES de Porto do Son é un Centro que se atopa nestes momentos en proceso de elaboración dos documentos que deben guiar o seu ideario educativo; Proxecto Educativo de Centro, Plan de Convivencia, etc, polo que non poden ser empregados de momento como referente para esta programación.

Na actualidade O centro conta con tres liñas de 1º ESO, catro de 2º, tres de terceiro e cuarto; así como dous grupos de primeiro de bacharelato.

As instalacións empregadas para as clases son un polideportivo cuberto de 20x20m actualmente en proceso de reparación por inundacións frecuentes no inverno, un ximnasio de 20x20m e una pista polideportiva exterior que conta con porterías de balonmán. Son tamén interesantes os espazos ao aire libre no interior do recinto do Centro e a súa proximidade á Praia.

O 89% do alumnado superou de media a materia sen problemas na convocatoria de ordinaria de xuño na ESO e o 95% no Bacharelato. Contabilizando os resultados da extraordinaria de setembro os resultados foron do 92% e o 95% respectivamente. Na actualidade temos a 2 alumnos de segundo da ESO coa materia pendente de primeiro e un alumno de terceiro da ESO coa materia pendente de segundo. As razóns fundamentais do alumnado que non supera a materia teñen que ver sobre todo co absentismo escolar, a non realización de traballos individuais e colectivos, falta de asistencia as probas de extraordinarias e, en menor medida non demostrar uns coñecementos mínimos nos exames ou non acadar o mínimo de competencia en certas habilidades específicas.



---

**2) COMPETENCIAS. ESTÁNDARES. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**


---

**a.- Perfil competencial da area de Educación Física**

Perfil competencial da área de Educación Física						
Número de estándares nos que se traballa cada competencia						
COMPETENCIAS	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH
CCL	2	2	2	3	2	
CMCCT	5	7	7	11	10	
CD	2	1	2	3	2	
CAA	11	15	13	9	9	
CSC	10	11	11	14	7	
CSIEE	10	13	12	12	12	
CCEC	3	4	4	4	3	
<b>ESTÁNDARES TOTALS</b>	29	37	37	40	31	


## Perfil competencial da área de Educación Física 1ºESO

Porcentaxe de estándares de aprendizaxe implicados en cada competencia clave




## Perfil competencial da área de Educación Física 2ºESO

Porcentaxe de estándares de aprendizaxe implicados en cada competencia clave




## Perfil competencial da área de Educación Física 3ºESO

Porcentaxe de estándares de aprendizaxe implicados en cada competencia clave




## Perfil competencial da área de Educación Física 4ºESO

Porcentaxe de estándares de aprendizaxe implicados en cada competencia clave



## Perfil competencial da área de Educación Física 1ºBACH

Porcentaxe de estándares de aprendizaxe implicados en cada competencia clave



**b.- Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.**

**1º de ESO**

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 3. Actividade física e saúde</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.1. Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

## 2º de ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física</b>	
EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	CSC CMCCT
EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	CSC CAA
EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	CSC
EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	CSC
EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	CSC
EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	CSC

EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.	CSC
EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	CSC
EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	CSC
EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	CSIEE CSC
EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	CSIEE
EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	CSIEE
EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	CD CCL
EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	CAA CCL
<b>Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas</b>	
EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	CCEC
EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	CCEC
EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CCEC
EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	CCEC
<b>Bloque 3. Actividade física e saúde</b>	
EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	CMCCT
EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	CMCCT

EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	CMCCT
EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	CMCCT
EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	CMCCT
EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	CMCCT CSC
EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	CAA
EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.	CAA
EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	CAA CSIEE
EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	CAA
<b>Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas</b>	
EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	CAA CSIEE
EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	CAA CSIEE
EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	CAA CSIEE
EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	CAA CSIEE

EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	CAA CSIEE
EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	CAA CSIEE
EFB4.2.2. Describe simplifadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	CAA CSIEE
EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	CAA CSIEE
EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	CAA CSIEE

### 3º de ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física	
▪ EFB1.1.1. Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual.	▪ CSC
▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades.	▪ CSC

▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	▪ CSC
▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	▪ CSC
▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	▪ CSC
▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas.	▪ CSC
▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	▪ CSC
▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	▪ CSC
▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	▪ CSIEE ▪ CSC
▪ EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	▪ CSIEE
▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	▪ CSIEE
▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	▪ CD ▪ CCL
▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	▪ CD ▪ CCL

Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas	
▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	▪ CCEC
▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.	▪ CCEC
▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ CCEC
▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou grupos.	▪ CCEC
Bloque 3. Actividade física e saúde	
▪ EFB3.1.1. Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	▪ CMCCT
▪ EFB3.1.2. Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde.	▪ CMCCT
▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.	▪ CMCCT
▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física.	▪ CMCCT
▪ EFB3.1.5. Aplica de forma autónoma procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	▪ CMCCT
▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	▪ CMCCT ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e normas establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.2. Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición seleccionadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

#### 4º de ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.	▪ CSC
▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	▪ CSC
▪ EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	▪ CD ▪ CCL
▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	▪ CD ▪ CCL
▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	▪ CD ▪ CCL
<b>Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas</b>	
▪ EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	▪ CCEC
▪ EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	▪ CCEC
▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	▪ CCEC
<b>Bloque 3. Actividade física e saúde</b>	
▪ EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	▪ CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<b>Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e reconece os procesos que están implicados nelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

▪ EFB4.3.3. Demuestra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
---	--

## 1º de BACH

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física	
▪ EFB1.1.1. Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.	▪ CSC
▪ EFB1.1.2. Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.	▪ CSC
▪ EFB1.2.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.	▪ CSIEE
▪ EFB1.2.2. Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas.	▪ CSIEE
▪ EFB1.2.3. Ten en conta o nivel de cansazo como un elemento de risco na realización de actividades que requiren atención ou esforzo.	▪ CSIEE
▪ EFB1.3.1. Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico-deportivas.	▪ CSC
▪ EFB1.3.2. Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.	▪ CSC
▪ EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.2. Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.3. Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 3. Actividade física e saúde</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.2. Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven a saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.3. Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.4. Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.2. Avalía as súas capacidades físicas e coordinativas considerando as súas necesidades e motivacións, e como requisito previo para a planificación da súa mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

▪ EFB3.2.3. Concreta as melloras que pretende alcanzar co seu programa de actividade.	▪ CMCCT
▪ EFB3.2.4. Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.	▪ CMCCT
▪ EFB3.2.5. Comproba o nivel de logro dos obxectivos do seu programa de actividade física, reorientando as actividades nos aspectos que non chegan ao esperado.	▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>sociais e contorno.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Integración social nas actividades físico-deportivas.</li> <li>▪ B1.6. Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo e de cooperación.</li> <li>▪ B1.7. Xogo limpo como actitude social responsable.</li> </ul>	<p>do centro.</p> <p>1.6.1.Comezar os traballos en equipo cun traballo individual co cal aportar ao grupo.</p> <p>1.6.2.Escoitar activamente as propostas de cada membro do grupo seguindo uns tumos prefixados.</p> <p>1.6.3. Identificar e reflexionar sobre os conflitos que se presentan no propio grupo de traballo analizando o nivel de responsabilidade de cada membro do grupo en función do seu nivel de destreza e das súas capacidades.</p> <p>1.6.4. Diseñar e revisar compromisos individuais e grupais, o máis concretos e realistas posibles, que servan de guía para a mellora das nosas destrezas</p> <p>1.7.1. Observar e anotar, a través dunha ficha de rexistro, as condutas de tolerancia e deportividade dos compañeiros/as durante a execución de diferentes actividades, xogos e deportes para posteriormente darllas a coñecer e axudarse mutuamente na adquisición de condutas propias do xogo limpo</p> <p>1.7.2. Ler artigos de xornais sobre actitudes propias do xogo limpo e analizar a súa necesidade como valor social.</p>	<p>sala a partir da reprodución de modelos co estilo directo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Descubrimento guiado para “descubrir novos elementos técnicos e tácticos e para a realización de exercicios do caderno de traballo.</li> <li>o Unha vez adquiridos os patróns básicos de execución, usaremos a asignación de tarefas na aplicación práctica de exercicios, actividades, xogos, circuitos etc.</li> <li>o Nas últimas sesións utilizaremos a ensinanza recíproca co obxecto de mellorar os xestos técnicos por parellas.</li> <li>o Resolución de problemas para os alumnos máis avantaxados.</li> </ul> <p><b>Organización da actividade</b></p> <p>1. Por parellas, ideal nas actividades dirixidas ó traballo dos elementos técnicos e no xogo do 1x1.</p> <p>2. Grupos de 4-6 alumnos, nas actividades destinadas os aspectos tácticos e en equipo e no xogo de partidos.</p>	B1.3.2	B1.3.2	B1.3.2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Emprego das tecnoloxías axeitadas para a obtención e o tratamento de datos, para a procura, a selección e a crítica de información sobre a materia, e para a comunicación de proxectos, resultados e conclusións de traballos.</li> </ul>	<p>1. 8. 1 Realizar un traballo* de procura de información a través da web sobre as posibilidades que ofrece Galiza para a realización de A.F. no medio natural de forma organizada e con cobertura legal, seleccionando aquelas que mellor relación.</p> <p>1.8.2. Expor aos compañeiros a información seleccionada no traballo utilizando a tecnoloxía máis axeitada para tal fin.</p>	<p><b>Estilos de ensinanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o <b>Asignación de tarefas:</b> Para distribuír a búsqueda nos diferentes medios de comunicación información actual de actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas que se ofrezan no contorno próximo tanto para participar como para asistir como espectador</li> <li>o <b>Resolución de problemas:</b> Na análise e selección da información recollida.</li> <li>o <b>Descubrimento guiado:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Na realización de traballos e análise crítico de artigos co fin do seu debate e exposición da influencia da actividade física na saúde e das consecuencias negativas de determinadas enfermidades relacionadas coa estética corporal.</li> </ul> </li> </ul> <p><b>Organización da actividade</b></p>	B1.4.1	B1.4.1	B1.4.1
				B1.4.2	B1.4.2	B1.4.2

			<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Grupo-clase:</b> para a posta en común dos traballos realizados en grupos reducidos</li> <li>• <b>Grupos reducidos:</b> no debate das propostas individuais e na unificación das mesmas.</li> </ul> <p><b>Organización individual:</b> para o traballo de investigación e na realización do traballo individual para aportar elementos de análise ao debate en grupo.</p>			
<b>Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Composicións individuais e colectivas nas actividades físicas artístico-expresivas.</li> </ul>	<p>B2.1.1.Desprazamento ocupando todo o espacio con ritmos diferentes.</p> <p>B2.1.2.Desprazamentos ocupando todo o espacio a ritmo de diferentes músicas.</p> <p>B2.1.3.Exercicios de asimilación das diferentes figuras dos diferentes bailes e danzas.</p> <p>B2.1.4.Prácticas de acroaeróbic.</p> <p>B2.1.5.Montaxes coreográficas individuais e en grupo.</p>	<p><b>Estilos de ensinanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Estilo directo para a aprendizaxe dos pasos de baile, que realizárase de xeito analítico. Tamén no seguimento das coreografías.</li> <li>o Descubrimento guiado á hora de realizar os exercicios do caderno do alumno, e tamén nas coreografías que eles mesmos podan crear. 1.</li> </ul> <p>Na realización dos exercicios do caderno do alumno, a organización será individual.</p> <p><b>Organización da actividade</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>2. Organización por parellas nos bailes de salón.</li> <li>3. Organizaremos sesións de forma grupal nas propostas de creacións coreográficas, situando estratexicamente alumnos que podan tirar do grupo.</li> <li>4. Organizaremos sesións de forma masiva en determinadas prácticas de aeróbic.</li> </ol>			<p>B2.1.1</p> <p>B2.1.2</p> <p>B2.1.3</p>
<b>Bloque 3. Actividade física e saúde</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Beneficios da práctica regular de actividade física e valoración da súa incidencia sobre a saúde.</li> <li>▪ B3.2. Hixiene postural na actividade física e en distintos campos profesionais.</li> <li>▪ B3.3. Alimentación e actividade física.</li> <li>▪ B3.4. Metodoloxías específicas de recuperación tras o exercicio físico.</li> </ul>	<p>3.1.1.Visitar unha facultade de ciencias da actividade física e do deporte e asistir a unha charla sobre o contido formativo que alí se imparte.</p> <p>3.2.1.Comparar a incidencia dun programa de adestramento persoal nos propios niveis de resistencia, forza e flexibilidade a través da realización dun pre-test antes e dun post-test ao finalizar o programa de adestramento.</p> <p>3.3.1.Incidir nas posturas saudables na realización dos estiramentos e dos exercicios de forza, facendo fincapé na relación coas posturas máis cotiás.</p> <p>3.4.1.Analiza as calorías gastadas na posta en</p>	<p><b>Estilos de ensinanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregaremos o estilo directo nas explicacións dos conceptos teóricos e na realización dos cuestionarios que teñen que traballar os alumnos e a asignación de tarefas na realización de tests e á hora de realizar exercicios do libro do alumno. Outros estilos máis relacionados coa busca os utilizaremos nas exposicións e debates organizados na clase.</li> </ul> <p><b>Organización da actividade</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Organización individual para a realización de cuestionarios e nos exames teóricos.</li> <li>2. Organización por parellas na realización de tests de condic. Física.</li> </ol>	B3.1.1	B3.1.2	B3.1.2
				B3.1.1		B3.1.2
				B3.1.3		



		práctica do adestramento persoal e as calorías que deberían inxerir para ter un balance enerxético saudable.	3. Pequenos grupos (4), cando traballemos a condición física en circuitos e prácticas como a RCP. 4. Gran grupo na explicación de temas conceptuais.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Aceptación da responsabilidade no mantemento e na mellora da condición física.</li> <li>▪ B3.6. Criterios fundamentais e métodos básicos para a planificación e o desenvolvemento da actividade física para a saúde.</li> <li>▪ B3.7. Manexo e control dos compoñentes fundamentais da carga na práctica da actividade física: o volume, a intensidade e a densidade do esforzo.</li> <li>▪ B3.8. Probas de avaliación das capacidades físicas e coordinativas orientadas á saúde.</li> <li>▪ B3.9. Plan persoal de acondicionamento físico orientado á saúde.</li> <li>▪ B3.10. Análise da influencia dos hábitos sociais cara a un estilo de vida activo.</li> </ul>	<p>3.5.1.Realizar a fase de estiramentos nun clima relaxado e utilizando o método estático-activo e estático pasivo seguindo a táboa dos estiramentos proporcionada.</p> <p>3.6.1.Firmar un contrato coa profesora no que se comprometen a adestrar 3 días á semana e a cumprir o plan de adestramento persoal deseñado.</p> <p>3.7.1.Escoller os métodos e exercicios que se van a empregar no programa de adestramento persoal. Un método básico para adestrar a resistencia aeróbica, o nivel de intensidade de diferentes exercicios para comezar o adestramento en circuito da forza-resistencia, as posicións máis favorables para estirar os diferentes músculos traballados seguindo o método estático activo ou estático-pasivo.</p> <p>3.8.1.Planificar o volume e intensidade de cada adestramento e varialos ao longo das sesións seguindo os criterios da teoría dun adestramento saudable.</p> <p>3.9.1.Realizar un pre-test antes e un post-tes ao rematar o programa de adestramento persoal.</p> <p>3.10.1.Diseñar e poñer en práctica durante 2 meses un programa de adestramento persoal da resistencia aeróbica, a forza resistencia e a flexibilidade tendo en conta o seu nivel de partida e cñecedores dos aspectos básicos da teoría do adestramento.</p> <p>3.11.1,Lectura de artigos sobre os hábitos sociais e os estilos de vida activos e unha análise posterior no que se compare co propio estilo de vida e se deseñe as variacións necesarias para responder a un estilo de vida saudable.</p>	<p><b>Estilos de ensinanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregaremos o estilo directo nas explicacións dos conceptos teóricos e na realización dos cuestionarios que teñen que traballar os alumnos e a asignación de tarefas na realización de tests e á hora de realizar exercicios do libro do alumno. Outros estilos máis relacionados coa busca os utilizaremos nas exposicións e debates organizados na clase.</li> </ul> <p><b>Organización da actividade</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Organización individual para a realización de cuestionarios e nos exames teóricos.</li> <li>2. Organización por parellas na realización de tests de condic. Física.</li> <li>3. Pequenos grupos (4), cando traballemos a condición física en circuitos e prácticas como a RCP.</li> <li>4. Gran grupo na explicación de temas conceptuais.</li> </ol>	B3.1.4 B3.2.1 B3.2.2  B3.2.6	B3.1.4 B3.2.1  B3.2.3 B3.2.4  B3.2.6	B3.1.4  B3.2.2 B3.2.4 B3.2.5  B3.2.6

Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xogo, actividades deportivas individuais e de adversario, e actividades físicas no medio natural.</li> <li>▪ B4.2. Perfeccionamento técnico e aplicación de normas tácticas fundamentais para a realización de xogos, actividades deportivas individuais e de adversario/a, e deporte alternativo practicadas nas etapas anteriores.</li> <li>▪ B4.3. Planificación e realización de actividades físicas en contornos non estables.</li> </ul>	<p>4.1.1. Deseñar unha sesión dunha actividade física, xogo, modalidade deportiva que responda aos propios intereses persoais e levar a proposta aos compañeiros e compañeiras de clase para poder executala.</p> <p>4.2.1. Realizar xogos e actividades de aprendizaxe de habilidades técnicas e tácticas específicas dos deportes colectivos, individuais e de adversario escollidos para traballar nas clases.</p> <p>4.3.1. Deseñar unha saída dun día para todo 1º bacharelato co obxectivo de realizar actividades físicas en contornos non estables. Buscarase a viabilidade do proxecto tanto economicamente como organizativamente para poder levalo adiante no curso actual.</p> <p>4.3.2. Realizar xogos e deportes practicados en etapas anteriores que se poidan desenvolver, con certas adaptacións, nunha praia.</p>	<p><b>Estilos de ensinanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estilo directo: Para potenciar a correcta execución técnica dos elementos técnicos xa adquiridos no ciclo anterior, e para aprender os novos elementos.</li> <li>• Asignación de tarefas: Para traballar a combinación de formas xogadas e de exercicios, práctica de actividades e circuitos.</li> <li>• Descubrimento guiado: Para a realización dos exercicios e na explicación do tema. Tamén é unha boa alternativa á hora de descubrir os novos elementos técnicos e tácticos.</li> <li>• Ensinanza Recíproca: Nos exercicios en parellas.</li> </ul> <p><b>Organización da actividade</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Traballo en parellas: nas actividades dirixidas ó traballo dos elementos técnicos.</li> <li>2. Grupos de 4 a 6 alumnos: para actividades destinadas ó traballo táctico, como poden ser xogar 2x2, 3x3 e o traballo técnico, como por exemplo: rodas de entrada, e tódalas súas variantes con pases, botes e tiros de distintas formas.</li> </ol>	<p>B4.1.1</p> <p>B4.1.3</p>	<p>B4.1.1</p> <p>B4.1.2</p> <p>B4.1.3</p>	<p>B4.1.1</p> <p>B4.1.2</p> <p>B4.1.4.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ m</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Aplicación do coñecemento dos fundamentos básicos técnicos, tácticos e regulamentarios dos xogos, das actividades deportivas e do deporte alternativo.</li> </ul>	<p>4.4.1. Practicar xogos, actividades físicas e deportes escollidos na clase nos que haxa que aplicar os fundamentos básicos técnicos, tácticos e regulamentarios xa aprendidos en etapas anteriores.</p> <p>4.4.2. Arbitrar xogos e diferentes modalidades de deportes onde os nosos compañeiros e compañeiras sexan os participantes.</p>	<p><b>Estilos de ensinanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instrucción directa: Para potenciar á correcta execución dos elementos técnicos novos.</li> <li>• Asignación de tarefas: Na execución dos exercicios realizados en clase. No perfeccionamento das habilidades específicas de cada deporte alternativo.</li> <li>• Descubrimento guiado: En tarefas como as de buscar variantes a determinados xogos. Na explicación das diferentes actividades físicas alternativas.</li> </ul> <p><b>Organización da actividade</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Traballo individual: Para o traballo individual de determinados xestos</li> </ol>	<p>B4.2.1</p> <p>B4.2.2</p> <p>B4.2.3</p> <p>B4.2.5</p>	<p>B4.2.1</p> <p>B4.2.2</p> <p>B4.2.3</p> <p>B4.2.4</p> <p>B4.2.5</p>	<p>B4.2.4</p>

			<p>técnicos.</p> <p>2. Traballo en parellas: Homoxéneas ó principio. Heteroxéneas ó final das sesións.</p> <p>3. Grupos de alumnos: No traballo dos elementos tácticos. Execución en pequenos grupos de habilidades específicas simulando situacións reais de xogo. Cando realicemos xogos colectivos ou partidos.</p>			
--	--	--	--	--	--	--

---

### 6) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

---

-Empregaremos os materiais dispoñibles no departamento necesarios para impartir os contidos das unidades didácticas propostas.

-Realizarase una petición de material durante o primeiro trimestre para completar e repoñer o material necesario para levar a cabo a programación.

-Valórase a posibilidade de realizar un inventario de material a disposición do profesorado no departamento.

-Os materiais e recursos didácticos que se van a utilizar son:

- Fondos bibliográficos do departamento e a biblioteca escolar.
- DVDs con películas e vídeos onde, nun contexto de actividade física e deporte, trátase sobre prexuízos de xénero, racismo, tolerancia e deportividade.
- Artigos de prensa, reportaxes onde se tratan temas como a violencia no deporte, a muller e o deporte, valores positivos no deporte, enfermidades asociadas a malos hábitos, etc.
- Ordenador e Kit dixital a aula: para plantexar algúns contidos teóricos.
- Aula Virtual de educación física.
- Diferentes páxinas web para traballar contidos relacionados coa saúde (Exemplo: portal educativo da xunta, aula virtual da web do centro, ...)
- Música para traballar contidos de expresión corporal, ritmo, condición física, ...
- APPs relacionadas co exercicio co exercicio físico, e a saúde.
- Material propio do ximnasio e o polideportivo onde se imparte E.F.

### A. Avaliación inicial.

Á hora de decidir as medidas de reforzo, atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales.
- Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.
- O profesorado identifica os diferentes niveis que existen dentro da clase anotándoo na planilla de observación.

Esta información é fundamental para saber de que nivel motriz parten e organizar as clases tendo en conta as diferentes escalas de aprendizaxe.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información achega de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### ***AVALIACIÓN INICIAL NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA:***

Terá carácter xeral e abranguerá aspectos dos catro bloques de contidoa a impartir. Realizarase durante as dúas primeiras semanas do mes de outubro atendendo como mínimo aos apartados seguintes:

- Avaliación do grao de autonomía e competencia para identificar, realizar e programar actividades de quecemento previo á actividade física que se vaia a practicar, así como as boas prácticas relacionadas coa hixiene, a saúde e a actividade física e a súa capacidade para deseñar e planificar actividades que lle permitan melloralas.
- Realización dunha batería de test de avaliación da condición física de capacidades relacionadas coa saúde para obter una avaliación inicial.
- Realización de circuitos e exercicios relacionados cos xogos e deportes individuais e colectivos a impartir durante o curso para observar o seu grao de competencia en certas habilidades específicas e planificar o punto de partida. Esta avaliación inicial de habilidades específicas poderá realizarse trasladarse ao principio de cada unidade didáctica.

Para a obtención dos resultados da avaliación inicial empregaranse cuestionarios, rúbricas, test e actividades de carácter procedimental que nos proporcionen a información necesaria en cada curso.

Os resultados da avaliación inicial serán analizados no departamento como punto de partida para deseñar as actividades de ensino-aprendizaxe en cada nivel.

## B. Avaliación Ordinaria.

### *Consideracións previas:*

A Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, delimita a definición de competencia, entendida como unha combinación de **coñecementos, capacidades, ou destrezas, e actitudes** adecuadas ao contexto. Identifica claramente oito competencias clave, e describe os **coñecementos, as capacidades e as actitudes** esenciais vinculadas a cada unha delas.

Así pois, o coñecemento competencial integra un coñecemento de **base conceptual**: conceptos, principios, teorías, datos e feitos (coñecemento declarativo-saber dicir); **un coñecemento relativo ás destrezas**, referidas tanto á acción física observable como á acción mental (coñecemento procedemental-saber facer); e un terceiro compoñente que ten unha grande influencia social e cultural e que implica **un conxunto de actitudes e valores** (saber ser).

Por outra banda esta recomendación deixa explícito que as competencias clave deberán estar estreitamente vinculadas aos obxectivos definidos para cada etapa educativa. Esta relación fai necesario deseñar estratexias para promover e avaliar as competencias desde as etapas educativas iniciais e intermedias até a súa posterior consolidación en etapas superiores, que levarán os alumnos e alumnas a desenvolver **actitudes e valores, así como un coñecemento de base conceptual e un uso de técnicas e estratexias** que favorecerán a súa incorporación á vida adulta e que servirán de alicerce para a súa aprendizaxe ao longo da súa vida

Os criterios de avaliación deberán servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desagreganse en estándares de aprendizaxe avaliábeis. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao se pór en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas.

Tanto na avaliación continua nos diferentes cursos como nas avaliacións finais nas diferentes etapas educativas deberase ter en conta o grao de dominio das competencias correspondentes a través de procedementos de avaliación e instrumentos de obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas. Por isto, para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os **coñecementos, destrezas, actitudes e valores** para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

A observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. *O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.*

Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de *coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores* en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Os contidos asociados aos criterios de avaliación de cada bloque en cada curso os concretamos na programación didáctica, de xeito que o departamento os determina en función das instalacións e dos recursos materiais dos que dispón, ademais das características do contorno onde se localiza. Estes contidos serán diferentes nos primeiros cursos, para que o alumnado poida iniciarse nunha grande variedade de actividades fisicodeportivas e artístico-expresivas. Nos últimos cursos estes contidos poderán ser perfeccionados sobre a base das aprendizaxes anteriores.

*Os resultados da avaliación expresaranse mediante unha cualificación numérica, que será o resultado do cálculo da media ponderada de todas as notas recollidas cos instrumentos de avaliación. Tendo en conta que os estándares están vinculados aos criterios de avaliación, indicando o que o alumno/a especificamente debe saber, saber facer e valorar en cada unidade didáctica, podemos agrupalos en tres ámbitos relacionados e ponderados de acordo co carácter deses contidos; a cualificación aproximarase, xa que logo ao seguinte:*

#### *Na ESO*

- *Estándares vinculados ao ámbito conceptual: ponderación 30 % da cualificación.*
- *Estándares vinculados ao ámbito procedimental: ponderación 50 % da cualificación.*
- *Estándares vinculados ao ámbito actitudinal: ponderación 20% da cualificación.*

#### *No bacharelato*

- *Estándares vinculados ao ámbito conceptual: ponderación 30 %*
- *Estándares vinculados ao ámbito procedimental: ponderación 50 %*
- *Estándares vinculados ao ámbito actitudinal: ponderación 20 %*

*Para os alumnos lesionados ou con algunha enfermidade ou indisposición temporal, que lles impida a realización dos exercicios prácticos, a parte práctica se traballará tamén mediante producións non motrices.*

RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE VINCULADOS AOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE BASE CONCEPTUAL, PROCEDIMENTAL E ACTITUDINAL:

**1º ESO**

ESTÁNDARES	Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
<b>Estándares do bloque 1:</b> EFB1.1.1 EFB1.1.2 EFB1.1.3 EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.3.3 EFB1.4.1 EFB1.4.2 EFB1.5.1 EFB1.5.2	EFB1.1.1 EFB1.3.1. EFB1.3.3. EFB1.4.1.	EFB1.1.2. EFB1.4.2. EFB1.5.1. EFB1.5.2.	EFB1.1.3. EFB1.2.1. EFB1.2.2. EFB1.2.3. EFB1.3.2.
<b>Estándares do bloque 2:</b> EFB2.1.1 EFB2.1.2 EFB2.1.3		EFB2.1.1 EFB2.1.2	EFB2.1.3
<b>Estándares do bloque 3:</b> EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3	EFB3.1.1 EFB3.1.3	EFB3.1.2 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3	
<b>Estándares do bloque 4:</b> EFB4.1.1	EFB4.1.2 EFB4.2.2	EFB4.1.3 EFB4.1.4	EFB4.1.1



EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.1.4 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3	EFB4.2.3	EFB4.2.1	
Criterios de corrección % DA NOTA			
	<b>30%</b>	<b>50%</b>	<b>20%</b>

## 2º ESO

ESTÁNDARES	Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
Estándares do bloque 1: EFB1.1.1 EFB1.1.2 EFB1.1.3 EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.3.3 EFB1.4.1 EFB1.4.2 EFB1.4.3 EFB1.5.1 EFB1.5.2	EFB1.1.1 EFB1.3.1 EFB1.3.3 EFB1.4.1	EFB1.1.2 EFB1.1.3 EFB1.4.2 EFB1.4.3 EFB1.5.1 EFB1.5.2	EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB1.3.2
Estándares do bloque 2: EFB2.1.1 EFB2.1.2 EFB2.1.3 EFB2.1.4		EFB2.1.1 EFB2.1.2 EFB2.1.3 EFB2.1.4	
Estándares do bloque 3: EFB3.1.1	EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3	EFB3.1.4 EFB3.1.5 EFB3.2.1	

EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.1.4 EFB3.1.5 EFB3.1.6 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3 EFB3.2.4	EFB3.1.6	EFB3.2.2 EFB3.2.3 EFB3.2.4	
Estándares do bloque 4: EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.1.4 EFB4.1.5 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3 EFB4.2.4	EFB4.1.3	EFB4.1.2 EFB4.1.5 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3	EFB4.1.1 EFB4.1.4 EFB4.2.4
Cráterios de corrección % DA NOTA	<b>30%</b>	<b>50%</b>	<b>20%</b>

### 3ºESO

ESTÁNDARES	Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
Estándares do bloque 1: EFB1.1.1 EFB1.1.2 EFB1.1.3 EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.3.3 EFB1.4.1 EFB1.4.2	EFB1.1.1 EFB1.2.3 EFB1.3.1 EFB1.3.3 EFB1.4.1 EFB1.4.2	EFB1.1.2 EFB1.1.3 EFB1.4.3 EFB1.5.1 EFB1.5.2	EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.3.2

EFB1.4.3 EFB1.5.1 EFB1.5.2			
Estándares do bloque 2: EFB2.1.1 EFB2.1.2 EFB2.1.3 EFB2.1.4	EFB2.1.1	EFB2.1.2 EFB2.1.3 EFB2.1.4	
Estándares do bloque 3: EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.1.4 EFB3.1.5 EFB3.1.6 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3 EFB3.2.4.	EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.1.6 EFB3.2.4.	EFB3.1.4 EFB3.1.5 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3	
Estándares do bloque 4: EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.1.4 EFB4.1.5 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3 EFB4.2.4	EFB4.1.3 EFB4.2.3 EFB4.2.4	EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.5 EFB4.2.1 EFB4.2.2	EFB4.1.4
Cráterios de corrección % DA NOTA	<b>30%</b>	<b>50%</b>	<b>20%</b>

## 4ºESO

ESTÁNDARES	Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
<b>Estándares do bloque 1:</b> EFB1.1.1 EFB1.1.2 EFB1.1.3 EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.3.3 EFB1.4.1 EFB1.4.2 EFB1.4.3 EFB1.5.1 EFB1.5.2 EFB1.6.1 EFB1.6.2 EFB1.6.3	EFB1.1.1 EFB1.1.2 EFB1.4.1 EFB1.4.2 EFB1.4.3 EFB1.5.1	EFB1.1.3 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB1.6.1 EFB1.6.2 EFB1.6.3	EFB1.2.1 EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.3.3 EFB1.5.2
<b>Estándares do bloque 2:</b> EFB2.1.1 EFB2.1.2 EFB2.1.3			
<b>Estándares do bloque 3:</b> EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.1.4 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3 EFB3.2.4	EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.2.1 EFB3.2.4 EFB3.1.4	EFB3.2.2 EFB3.2.3	

EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3 EFB3.2.4			
Estándares do bloque 4: EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3 EFB4.2.4 EFB4.2.5 EFB4.2.6 EFB4.3.1 EFB4.3.2 EFB4.3.3	EFB4.2.5 EFB4.2.6 EFB4.3.1	EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3 EFB4.2.4	EFB4.3.3
Cráterios de corrección % DA NOTA	<b>30%</b>	<b>50%</b>	<b>20%</b>

### 1ºBACHARELATO

ESTÁNDARES	Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
Estándares do bloque 1: EFB1.1.1 EFB1.1.2 EFB1.2.1 EFB1.2.2 EFB1.2.3 EFB1.3.1 EFB1.3.2 EFB1.4.1 EFB1.4.2 EFB4.1.1	EFB1.2.1 EFB1.2.3 EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.1.4 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3 EFB4.2.4 EFB4.2.5	EFB1.1.1 EFB1.2.2 EFB1.4.1 EFB1.4.2	EFB1.1.2 EFB1.3.1 EFB1.3.2

EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.1.4 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3 EFB4.2.4 EFB4.2.5			
Estándares do bloque 2: EFB2.1.1 EFB2.1.2 EFB2.1.3		EFB2.1.1 EFB2.1.2 EFB2.1.3	
Estándares do bloque 3: EFB3.1.1 EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.1.4 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.3 EFB3.2.4 EFB3.2.5 EFB3.2.6	EFB3.1.1 EFB3.2.3 EFB3.2.5	EFB3.1.2 EFB3.1.3 EFB3.1.4 EFB3.2.1 EFB3.2.2 EFB3.2.4 EFB3.2.6	
Estándares do bloque 4: EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.1.4 EFB4.2.1 EFB4.2.2 EFB4.2.3 EFB4.2.4	EFB4.2.4	EFB4.1.1 EFB4.1.2 EFB4.1.3 EFB4.1.4 EFB4.2.1 EFB4.2.2	EFB4.2.3
Cráterios de corrección			
% DA NOTA	<b>30%</b>	<b>50%</b>	<b>20%</b>

## CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Cada un destes bloques de estándares vinculados ao eido Conceptual, procedimental e actitudinal cualificaranse de 0 a 10 puntos

### Avaliación de estándares vinculados ao ámbito conceptual:

- O alumno deberá levar ao día as fichas e traballos de carácter teórico que o profesor lle demande durante o curso. Estes documentos deberán ser presentados para a súa corrección tanto en cada unha das avaliacións como na final, sendo requisito imprescindible para aprobar o mesmo.
- Realizaranse exames, cuestionarios ou tests, orais ou escritos, sobre conceptos teóricos impartidos na clase.
- Para a cualificación destas probas e para as dos traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno ou portfolio, observación, utilizarase a ponderación, redondeo, rexistros cuantitativos, etc.

*Ponderación 30 % da cualificación da avaliación*

### Avaliación de estándares vinculados ao ámbito procedimental:

- Mediante a realización de probas prácticas para valorar os logros do alumno nas habilidades específicas en cada unidade didáctica e a cualificación da aplicación dos contidos traballados no apartado conceptual aplicados a situacións reais.
- Para a cualificación deste apartado o profesor valerase dos instrumentos que lle ofrece a observación e de probas obxectivas ás que se lles aplicará os rexistros cuantitativos pertinentes.
- Valorarase tamén a práctica diaria do traballo en clase.

*Ponderación 50 % da cualificación de cada avaliación*

### Avaliación de estándares vinculados ao ámbito actitudinal:

Serán avaliados mediante a observación do traballo diario en clase relacionado cos estándares correspondentes e a recompilación de fichas de observación actitudinais. Este apartado inclúe os apartados seguintes:

ACTITUDES	ADQUIRIDA	NON ADQUIRIDA
1. Aseo e Hixiene	1 punto	0 puntos
2. Respecto do material e instalacións	1 punto	0 puntos
3. Respecto ós compañeiros e profesor.	1 punto	0 puntos
4. Respecto as regras e normas.	1 punto	0 puntos
5. Esfuerzo persoal.	1 punto	0 puntos
6. Interese pola materia.	1 punto	0 puntos
7. Puntualidade/Asistencia.	1 punto	0 puntos
8. Aceptación das normas de seguridade.	1 punto	0 puntos
9. Deportividade.	1 punto	0 puntos
10. Responsabilidade.	1 punto	0 puntos

TOTAL 10 Puntos

*Ponderación 20 % da cualificación.*

*\*A avaliación dos proxectos farase de xeito integrado nos tres ámbitos: procedimental, conceptual e actitudinal.*

**A NOTA DE CADA AVALIACIÓN** será a media ponderada da cualificación obtida nos tres bloques de estándares de aprendizaxe; dacordo coa seguinte fórmula  $0,3 \times \text{Avaliación Conceptual} + 0,5 \times \text{Avaliación Procedimental} + 0,2 \times \text{Avaliación Actitudinal}$ . Para aprobar será necesaria unha cualificación mínima de 3 puntos en cada apartado e obter unha cualificación media de, como mínimo, 5 puntos. En caso de obter una nota superior a cinco con un decimal, aproximarase á nota superior sempre que este sexa igual ou superior a 5 (Exemplo, un alumno/a que obteña 6,5 puntos terá una cualificación de 7)

**A CUALIFICACIÓN FINAL** do curso será a media aritmética das obtidas en cada avaliación, debendo o alumno/a obter un resultado de 5 puntos como mínimo para superar a materia. No caso de superar esta cualificación aplicarase o apartado anterior.

**SISTEMAS DE RECUPERACIÓN DAS PARTES SUSPENSAS:** realizarase unha proba de recuperación das partes suspensas por cada avaliación e farase de novo a media que deberá ser como mínimo de cinco puntos.



Por outra banda, na nosa materia atopámonos con certa frecuencia con alumnos/as que debido a algún problema de saúde ou lesión de carácter temporal non deban ou non podan por prescripción médica realizar parte dos contidos procedimentais incluídos na programación. Os alumnos/as que se atopan nesta situación, deberán asistir as clases co resto dos seus compañeiros e aprobar a materia realizando as tarefas, controis e traballos que garantan a adquisición dos contidos da materia. Tamén deberán xustificar convenientemente a través dos certificados ou informes médicos necesarios as limitacións que padezan, si estas son temporais ou permanentes e as actividades físicas contraindicadas. Unha vez presentado, o profesor valorará os procedementos a seguir, debendo o alumno/a en todo caso:

1. Asistir a todas as clases, o profesor terá en conta para a súa cualificación aspectos como a asistencia, puntualidade, comportamento etc.
2. Colaborar co profesor na organización das clases, exercendo como axudante, xuíz, colaborador etc.
3. Presentar ao profesor os traballos e actividades compensatorias relacionados cos contidos impartidos que para cada avaliación se lle soliciten e examinarse, se é o caso, dos mesmos.
4. Cubrir as follas de sesión sobre o desenvolvemento diario da clase cando non se requira a súa participación e presentalas ao remate de cada avaliación.
5. Realizar os exames escritos e/ou traballos que o profesor sinala para toda a clase.

Por último, aqueles alumnos que padezan discapacidades graves de carácter permanente que impidan a aplicación do currículo non poderán ser considerados exentos, xa que se trata de unha materia obrigatoria, debendo o profesor atender en función das circunstancias casos especiais daqueles alumnos/as que padezan alguna situación especialmente grave desde o punto de vista médico debidamente xustificada que lles impida o normal desenvolvemento do programa educativo pola imposibilidade de asistir as clases de maneira permanente.

elaborar, se é necesario, a modificación e/ou adaptación curricular correspondente que favoreza a súa aprendizaxe e integración no grupo. na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes con adaptacións curriculares significativas; a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas mesmas.

### C) Avaliación Extraordinaria.

#### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.**

Os alumnos que non superen a materia na avaliación de xuño, deberán presentarse os exames de setembro nas datas que se determinen. Os procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación serán os seguintes:

##### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN:

Debido ao pouco tempo dispoñible divídese en dous apartados:

-PARTE TEÓRICA, mediante un exame escrito onde se preguntarán os estándares (facendo especial fincapé nos mínimos) susceptibles de ser avaliados de forma teórica

-PARTE PRÁCTICA, que constará de:

-Un test de aptitude física, das calidades físicas relacionadas coa saúde cualificado de acordo cos baremos establecidos para o seu nivel de idade.

-Probas específicas para valorar os logros do alumno en cada Unidade Didáctica nas súas produción motrices e cualificación do rendemento técnico e táctico en circuitos e situacións reais de xogo mediante observación do profesor nas habilidades específicas, xogos e deportes impartidos durante o curso.

##### CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

Cada un dos dous apartados calificaranse de 0 a 10 puntos.

Para facer a media o alumno/a deberá conseguir un resultado de 5 puntos como mínimo en cada parte.

A cualificación final será o resultado de facer a media aritmética da cualificación das dúas partes. Necesítase una media de 5 puntos para aprobar a materia.

### C. Seguemento e recuperación.

-SISTEMAS DE RECUPERACIÓN DAS PARTES SUSPENSAS: realizarase unha proba de recuperación das partes suspensas por cada avaliación e farase de novo a media que deberá ser como mínimo de cinco puntos. Os procedementos de avaliación e criterios de corrección serán os mesmos que durante o curso en cada avaliación.

#### D. Avaliación de pendentes.

##### PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

De existir alumnos coa materia de Educación Física pendente de cursos anteriores, estes serán convocados polo departamento nunha sesión por cada trimestre para realizar voluntariamente as actividades de recuperación oportunas. Os criterios de avaliación e mínimos esixibles serán os que figuran no seguinte apartado da programación. O departamento programará como mínimo dúas probas de recuperación para estes alumnos; unha no mes de xuño e outra en setembro.

##### PROGRAMA DE REFORZO:

O programa de recuperación e reforzo será dirixido polo xefe do departamento co seguimento do profesor que lle imparte a materia no presente curso. No caso de alumnos de 2º Bacharelato coa materia pendente de primeiro realizará o seguimento o xefe de departamento. Durante o presente curso académico o alumno/a coa materia pendente recibirá do profesor que lle imparta a materia na actualidade o asesoramento que precise en relación coa superación da mesma. Estas funcións realizaranse durante o horario semanal de Educación Física incluíndo:

- Información sobre o programa de recuperación e as datas de exame.
- Información sobre os contidos a superar.
- Resolver dúbidas sobre os contidos teóricos.
- Orientacións de carácter técnico sobre os contidos a superar:
- Orientación sobre o xeito de mellorar as súas capacidades físicas para superar os test.
- Asesoramento para a mellora das habilidades específicas impartidas no curso da pendente.
- Entrega e corrección de traballos.

A Educación Física é unha materia con contidos progresivos polo que se considerará a materia pendente aprobada automaticamente, sen realizarlle ningunha proba final en maio, se a nota media dos dous primeiros trimestres do curso actual é igual ou superior a 5.

Hai estándares de aprendizaxe en E.F. que non se poden valorar cunha proba puntual se non con observacións ao longo dun tempo, referímonos aos estándares que fan referencia a actitudes e hábitos. Consideramos que dous trimestres é o tempo axeitado para apreciar o grado de adquisición Deste tipo de estándares de aprendizaxe.

Nas probas teóricas e prácticas realizadas ao longo do curso actual se lle avaliará de estándares propios do curso onde non superou a materia. Oeste xeito ten a posibilidade de ir superando progresivamente os estándares relacionados coa adquisición de capacidades físicas, habilidades motrices e coñecementos teóricos.

A nota final da materia pendente superada será a media resultante dos dous primeiros trimestres.

Se non aprobou co programa de reforzo explicado anteriormente terá que realizar a correspondente proba de recuperación en maio ou setembro.

#### PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

A proba constará dado o pouco tempo dispoñible de dous apartados:

-PARTE TEÓRICA, mediante un exame escrito onde se preguntarán os estándares (facendo especial fincapé nos mínimos) susceptibles de ser avaliados de forma teórica

-PARTE PRÁCTICA, que constará de:

-Un test de aptitude física, das calidades físicas relacionadas coa saúde, cualificado de acordo cos baremos establecidos para o seu nivel de idade.

-Probas específicas para valorar os logros do alumno en cada Unidade Didáctica e cualificación do rendemento técnico e táctico en circuitos e situacións reais de xogo mediante observación do profesor nas habilidades específicas, xogos e deportes impartidos durante o curso da pendente.

O responsable de desenvolver o plan será cada profesor no curso no que imparte a docencia.

#### CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

Cada un dos dous apartados calificaranse de 0 a 10 puntos.

Para facer a media o alumno/a deberá conseguir un resultado de 5 puntos como mínimo en cada parte.

A cualificación final será o resultado de facer a media aritmética da cualificación das dúas partes. Necesítase una media de 5 puntos para aprobar a materia.

#### CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE POLA AVALIACIÓN CONTINUA:

O alumno poderá superar a materia a través da avaliación continua liberando as partes teóricas ou prácticas correspondentes a cada trimestre a través dun exame trimestral baixo a supervisión do xefe do departamento. As partes así superadas non serán obxecto de exame na proba final de maio ou setembro. A realización e avaliación destes exames parciais estará a cargo do xefe do departamento que elixirá a data e horario que considere máis oportuna, mesmo fora do horario lectivo.

Cada exame parcial constará de:

-Un exame teórico por avaliación relacionado cos contidos conceptuais da materia repartidos en tres trimestres.

-Realización dun exame práctico, se non se superou este apartado pola avaliación continua, por cada avaliación, dacordo coa temporalización da materia

### E. Criterios de promoción.

Para a promoción da materia de Educación Física os alumnos e alumnas deberán acadar unha cualificación numérica de cinco puntos. Para decidir esta promoción, consideraremos os seguintes indicadores, cuxo logro significará habitualmente a consecución do grao mínimo dos estándares:

- Ter asistido regularmente, as sesións de clase, aínda que non se poida facer a práctica, en cuxo caso terá que realizar as actividades propostas para él. Isto é así posto que a consecución dalgúns dos estándares de aprendizaxe implica a participación presencialmente activa nas actividades físicas e deportivas e o feito de non poder- por algún motivo de saúde- realízalas non exime da participación nesas tarefas practicadas na aula co resto do grupo.
- Realizar as probas dos diferentes bloques de contidos, subliñando que se debe ter acadado unha progresión individual suficiente e superando os estándares mínimos para o curso.
- Cumprir as normas de funcionamento expostas nas primeiras clases en canto a puntualidade, roupa e material axeitado comportamento, actitude activa e positiva, respecto, superación das probas teóricas e prácticas, etc. .

*-A PROMOCIÓN do alumno/a no curso lograrase se a media aritmética das notas obtidas en cada avaliación, da un resultado de 5 puntos ou superior na avaliación final ordinaria ou obtén a mesma cualificación na avaliación extraordinaria de setembro.*

---

### 8) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

---

As motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas son diversas. A intención última de todo proceso educativo é lograr que os estudantes alcancen os obxectivos propostos. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe do alumnado e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos que prefiren traballar sos e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Como actividades de detección de coñecementos previos suxerimos:

- Comprobar o nivel de competencia motriz inicial mediante exercicios previos de diferente grado de dificultade. Establecer o punto de partida do grupo e dos distintos alumnos e alumnas para adecuar a progresión da proposta.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.

Como actividades de consolidación suxerimos:

- Actividades prácticas de reforzo, ampliación e mellora para a adquisición de habilidades motrices de carácter máis complexo. Utilización de material en soporte dixital que poida axudar ao traballo autónomo do estudante fose do centro.
  - Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos traballados na unidade.
- As actividades de reforzo, ampliación e mellora permiten atender non só aos alumnos e ás alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén a aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.

As distintas formas de agrupamiento do alumnado e a súa distribución no aula inflúen, sen dúbida, en todo o proceso. A creación e o traballo por grupos de nivel axudan a poder controlar a evolución da aprendizaxe de forma máis sinxela, aportando igualmente unha atención individualizada do estudante. Ademais, a atención á diversidade terá en consideración os contidos programados, distinguindo a información xeral da básica, e concretarase na formulación de actividades con diferentes niveis de dificultade para unha mellor adaptación dos contidos desenvolvidos á diversidade do alumnado.

Por outra banda, na nosa materia atopámonos con certa frecuencia con alumnos/as que debido a algún problema de saúde ou lesión de carácter temporal non deban ou non podan por prescripción médica realizar parte dos contidos procedimentais incluídos na programación. Os alumnos/as que se atopen nesta situación, deberán asistir as clases co resto dos seus compañeiros e aprobar a materia realizando as tarefas, controis e traballos que garantan a adquisición dos contidos da materia.. Asimesmo deberán xustificar convenientemente a través dos certificados ou informes médicos necesarios as limitacións que padezan, si estas son temporais ou permanentes e especificar as actividades físicas contraindicadas. Unha vez presentado, o profesor valorará os procedementos a seguir, debendo o alumno/a en todo caso:

1. Asistir a todas as clases, o profesor terá en conta para a súa cualificación aspectos como a asistencia, puntualidade, comportamento etc.
2. Colaborar co profesor na organización das clases, exercendo como axudante, xuíz, colaborador etc.
3. Participar activamente nos proxectos e/ou traballos colectivos que se programen para o seu grupo.
4. Presentar ao profesor os traballos escritos que para cada avaliación se lle soliciten e examinarse dos seus contidos.
5. Cubrir as follas de sesión sobre o desenvolvemento diario da clase cando non se requira a súa participación e presentalas ao remate de cada avaliación.
6. Realizar os exames escritos e/ou traballos que o profesor sinala para toda a clase.

Aqueles casos en que determinados alumnos/as por motivos médicos debidamente xustificadas non podan asistir ao instituto con normalidade, o departamento establecerá un plan de atención e reforzo para evitar que se desconecten do proceso de ensino e podan recuperar os contidos non impartidos na aula.

Por último, aqueles alumnos que padezan discapacidades graves de carácter permanente que impidan a aplicación do currículo non poderán ser considerados exentos, xa que se trata de unha materia obrigatoria, debendo o profesor elaborar a modificación e/ou adaptación curricular correspondente que favoreza a súa aprendizaxe e integración no grupo. Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes con adaptacións curriculares significativas, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares. ***Aténderase en función das circunstancias casos especiais daqueles alumnos/as que padezan alguna situación especialmente grave desde o punto de vista médico debidamente xustificada que lles impida o normal desenvolvemento do programa educativo pola imposibilidade de asistir as clases de maneira regular e permanente.***

POSIBLES MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE A TER EN CONTA:

ORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? <ol style="list-style-type: none"> <li>Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</li> <li>Espazos diferenciados?</li> <li>Materiais e recursos didácticos diferenciados?</li> </ol> 2. Faise algún desdoblamento de grupos? 3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria? 4. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? 5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais?	1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? 2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? 3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? 4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)? 5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? 6. Aplícase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.

EXTRAORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? 2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? 3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)? 4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?	1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? 2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? 3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe. Rendemento? 4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? 5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc

**9) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN N O CURSO QUE CORRESPONDA.**

As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

**a) Educación en valores**

Fomentaremos tamén a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A materia facilitará actividades e medidas que permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

A educación cívica e constitucional traballaranse dalgún xeito dentro da materia, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

#### *Fomentar o traballo cooperativo:*

O traballo en grupo cooperativo como elemento de cohesión social é a base da convivencia. A búsqueda de fins comúns aportando cada un o mellor de si, salvando as distancias posibles e resolvendo conflitos en caso de que se produzan. Moi relacionado coa acción anterior para comprender, valorar a diversidade e ser capaces de vivila, dando tempo a que se coñezanentre eles e sexan capaces de aproveitar as cualidades de cada un en beneficio do grupo.

En diferentes unidades didácticas promóvense experiencias nas que para conseguir un obxectivo se necesite a participación e colaboración de todos os membros do grupo a través de desafíos físicos cooperativos.

Valorar o diálogo como forma de comunicación, toma de decisións por consenso e para solucionar os problemas.

#### *Educar para a igualdade de sexos/coeducación:*

Grupos mixtos en tódalas actividades. Evitar distribución de tarefas en función dos sexos. Non utilizar os contidos esperando comportamentos diferentes en nenos e nenas e distribuílos alternos nos trimestres para buscar que o alumnado máis hábil nuns contidos se sinta necesitado noutros de axuda dos seus compañeiros e así a riqueza da diferenca farase máis explícita. Evitar estereotipos.

#### *Deporte e muller:*

análise do trato da muller no deporte en medios de comunicación para reflexionar sobre a igualdade actual.

#### *Fomentar o respecto (educación cívica):*

Traballaremos dende o respecto as normas (compañeiros, profesorado, material, instalacións e medio ambiente): Nos deportes axudarémonos do cumprimento do seu regulamento. Eles terán que respectar para levar o xogo á cabo e velar para que as normas se cumpran facendo o papel de árbitros en determinados momentos. Buscaremos a responsabilidade dende ambos lados da normativa.

Ó longo do curso, en todas as unidades utilizaremos as mesmas sancións e reforzas positivos en tódalas clases, deixando claro que é unha indisciplina e que consecuencias ten; inculcando coidado e respecto polo materiale instalación, compañeiros, profesor, medio ambiente... e reforzando aquetas condutas boas para a convivencia como é a deportividade o coidado do material, axuda ós compañeiros, participación ... Reforzarase tamén a importancia dos hábitos hixiénicos para a relación do día a día na aula. Deseñar e promover actividades dende a E.F. E colaborar nas propostas polo centro: Actividades para organizar no tempo de ocio (recreo,...)



### *Campañas de solidaridade*

Días salientables no centro educativo: día da paz, dos dereitos humanos, da muller traballadora ...Intercambios e actos culturais (traballo interdisciplinar con outras materias, centros de estudos,...Calquera evento que poida realzar os valores da convivencia (excursións, traballo cooperativo, traballo por proxectos..)

### **b) Accións de contribución ao plan TIC**

Os cambios da sociedade traen novas formas de comunicación, novos modelos de familia, novos xeitos de pensar e actuar, ..., implican novas actitudes no alumnado e polo tanto novos retos para os docentes. Nunha sociedade do século vinteun os métodos de ensino-aprendizaxe deben estar acorde cos seus destinatarios, e aquí é onde as *tecnoloxías da información e da comunicación* cobran toda a súa importancia: aplicacións interactivas, páxinas web, enciclopedias en liña, ferramentas de comunicación..., que facilitarán aos docentes o achegamento do coñecemento ao alumnado.

Así mesmo o marco lexislativo educativo actual deixa explícito que as " tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral".

Tendo en conta os medios tecnolóxicos que ofrece o centro (aulas abalar que permiten avanzar nas TIC., etc.) faise preciso integrar estas tecnoloxías como ferramenta educativa nas aulas, para favorecer a formación de cidadáns que se integrarán nunha sociedade en constante evolución. O uso das mesmas vaille permitir ao alumnado :

- Facilitar a obtención e análise crítica de información, potenciando a súa capacidade e de razoamento, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Facilitar o acceso aos recursos de Internet e o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula.
- Promover a habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.
- Usar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe e adquisición de habilidades, destrezas e coñecemento, aumentando a motivación do alumnado
- Usalas como medio de creación, integración e potenciación de valores sociais e expresión de ideas con liberdade de expresión, tolerancia e respecto
- Uso das mesmas para atención á diversidade, potenciando o uso de materiais e estratexias que permitan un aprendizaxe autónomo
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión propia de ideas.

### ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE:

- Us das TIC para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde:  
Procurar e seleccionar a información recollida na rede sobre as posibilidades que ofrece o contorno do centro educativo para a práctica de a actividade físico-deportiva.  
Explorar diferentes páxinas sobre nutrición saudable e facer xogos que favorecen o aprendizaxe deste tema.
- Buscar un formato ao alcance do alumnado, tradicional ou informatizado para poder expoñer o traballo aos compañeiros e compañeiras

Procurar, analizar e seleccionar a información utilizando tecnoloxías da información e da comunicación, sobre as enfermidades relacionadas coa estética corporal: anorexia, bulimia, vigorexia, tanorexia...

- Utilizar a rede e algún programa informático básico (texto, presentación, imaxe, vídeo, son) para a elaboración e exposición do traballo sobre as enfermidades relacionadas cos estereotipos corporais, para a consulta de actividades e xogos educativos, cálculo de diversos parámetros relacionados coa saúde e a actividade física e a nutrición (inxesta de gasto calórico, test de aptitude física, etc.).
- Aula Virtual e Intranet: proporciona un contorno de traballo virtual que facilita os procesos de ensino-aprendizaxe ao permitir que o profesor proporcione documentación dun xeito ordenado ao alumnado, asigne e recolla tarefas, organice actividades e traballos por grupos, proporcione cuestionarios de autoavaliación ou de avaliación, glosario de termos, calendario de notificacións e axenda persoal, ferramentas de debate.
- Coñecemento e utilización de APPs relacionadas coa educación física e o deporte e a saúde.
- Os traballos por proxectos que fomenten o emprego das novas tecnoloxías

#### Contidos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación

1ºESO	
CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde</li> </ul>	1.14.1. Procurar e seleccionar a información recollida na rede sobre as posibilidades que ofrece o contorno do centro educativo para a práctica de AF-D 1.14.2. Explorar diferentes páxinas sobre nutrición saudable e facer xogos que favorecen o aprendizaxe deste tema. 1.14.3. Buscar un formato ao alcance do alumnado, tradicional ou informatizado para poder expoñer o traballo aos compañeiros e compañeiras.
2ºESO	
CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde.</li> <li>▪ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.</li> </ul>	13.1. Buscar nos diferentes medios de comunicación información actual de actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas que se ofrezan no contorno próximo tanto para participar como para asistir como espectador. 1.13.2. Procurar, analizar e seleccionar a información utilizando tecnoloxías da información e da comunicación, sobre as enfermidades relacionadas coa estética corporal: anorexia, bulimia, vigorexia, tanorexia ... 1.14.1. Utilizar a rede e algún programa informático básico (texto, presentación, imaxe, vídeo, son) para a elaboración e exposición do traballo sobre as enfermidades relacionadas cos

	estereotipos corporais.
<b>3ºESO</b>	
CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde.</li> <li>▪ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.</li> </ul>	<p>1.13.1.Buscar nos diferentes medios de comunicación</p> <p>1.14.1.Procurar, analizar e seleccionar a información utilizando tecnoloxías da información e da comunicación,</p> <p>1.14.2.Utilizar a rede e algún programa informático básico(texto, presentación, imaxe, video, son) para a elaboración e exposición do traballo sobre as enfermidades relacionadas cos estereotipos corporais.</p>
1.15. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado	1.15.1.Utilizar a rede e algún programa informático básico (texto, presentación, imaxe, video, son) para a elaboración e exposición do traballo sobre as enfermidades relacionadas cos estereotipos corporais.
<b>4ºESO</b>	
CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionadas coa saúde.</li> </ul>	<p>1.13.1.Buscar nos diferentes medios de comunicación</p> <p>1.14.1.Procurar, analizar e seleccionar a información utilizando tecnoloxías da información e da comunicación,</p> <p>1.14.2.Utilizar a rede e algún programa informático básico(texto, presentación, imaxe, video, son) para a elaboración e exposición do traballo sobre as enfermidades relacionadas cos estereotipos corporais.</p>
<b>BACHARELATO</b>	

CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Emprego das tecnoloxías axeitadas para a obtención e o tratamento de datos, para a procura, a selección e a crítica de información sobre a materia, e para a comunicación de proxectos, resultados e conclusións de traballos.</li> </ul>	<p>1. 8. 1 Realizar un traballo* de procura de información a través da web sobre as posibilidades que ofrece Galiza para a realización de A.F. no medio natural de forma organizada e con cobertura legal, seleccionando aquelas que mellor relación.</p> <p>1.8.2. Expor aos compañeiros a información seleccionada no traballo utilizando a tecnoloxía máis axeitada para tal fin.</p>

**c) Accións de contribución ao Plan de Convivencia**

Do mesmo xeito, promoveremos a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos no ámbito escolar.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

A programación docente abranguerá en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

**Educación para a igualdade:**

As actividades físicas serven como base para o respecto das características de cada sexo e das diferenzas entre as persoas e como superación de estereotipos sexistas ou non sexistas no deporte e na vida cotiá. Propondremos prácticas e actividades que poidan realizar tanto alumnos como alumnas. Buscaremos que o alumnado máis hábil nuns contidos se sinta necesitado noutros de axuda dos seus compañeiros e así a riqueza da diferenza farase máis explícita. Evitaremos os estereotipos.

Procuraranse grupos mixtos en tódalas actividades, evitando a distribución de tarefas en función dos sexos e das diferenzas entre as persoas.

**Fomentar o respecto (educación cívica):**

Fomentaranse actitudes de respecto polas normas construídas democraticamente, aceptación das diferenzas, cooperación e tolerancia.

Traballarase dende o respecto as normas (compañeiros, profesorado, material, instalacións e medio ambiente):

Ó longo do curso, utilizaremos as mesmas sancións e reforzos positivos en todas as clases, deixando claro que é unha indisciplina e que consecuencias ten; inculcando coidado e respecto polo material e instalación, compañeiros, profesor, medio ambiente... e reforzando aquelas condutas boas para a convivencia como é a deportividade o coidado do material, axuda aos compañeiros, participación.

Reforzarase tamén a importancia dos hábitos saudables e hixiénicos para a relación do día a día na aula.

#### **Resolución pacífica de conflitos:**

Nas distintas actividades promoveremos actitudes de convivencia, colaboración, solidariedade, respecto as diferenzas individuais ou entre o grupo e de fomento do diálogo entre as persoas

#### **Educación e a seguridade viaria:**

Todos os contidos propios da práctica da actividade física referidos ao espazo e no tempo fomentarán esquemas que terán unha transferencia positiva a situacións normais de comportamento no medio urbano ou viario. Nos contidos relacionados coas actividades na natureza abórdanse en concreto cuestións de seguridade viaria. As propias actividades da materia tratan de favorecer a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

#### **d) *Accións de contribución ao Proxecto Lector***

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita. Estando en elaboración o proxecto lector do centro establécense os seguintes obxectivos entendendo que o fomento da lectura é un obxectivo interdisciplinar no que todas as materias debemos traballar.

Obxectivos de fomento da lectura dende a área de E.F.:

-Fomentar os distintos tipos de lectura dende a E.F, buscando un maior coñecemento do deporte en xeral e as súas posibilidades, fomentando o respecto e os valores deportivos.

-Descubrir e fomentar a lectura como fonte de pracer e aprendizaxe dende a Educación Física, desenvolvendo un espírito crítico e o desexo de saber.

#### **e) *Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico***

Actividades:

Establecemos os seguintes obxectivos entendendo que o fomento da lectura é un obxectivo interdisciplinar que todas as materias debemos traballar.

*Obxectivos de fomento da lectura dende a área:*

- Fomentar os distintos tipos de lectura relacionados en particular coa actividade física e o deporte, buscando un maior coñecemento do deporte en xeral e as súas posibilidades, fomentando o respecto e os valores.
- Descubrir e fomentar a lectura como fonte de pracer e aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico sobre a materia e o desexo de saber.

**Actividades:**

-Análise de artigos de "Prensa e valores" (Deporte e violencia, Muller e deporte e deporte e discapacitados, enfermidades relacionadas con malos hábitos alimenticios ou rutinas de actividades físicas perigosas para a saúde). Resumo dos artigos e análise e posterior debate.

Bacharelato:

-López Miñarro, 2002: "Mitos e falsas crenzas na práctica deportiva" Inde, Barcelona. Lectura, comentario e posterior debate.

**Consideracións a ter en conta por nós como docentes:**

- Permitir que o grupo prograse cara á competición cooperativa, axudando na posta en práctica dos contidos.
- Facilitar o coñecemento, a comprensión e a análise dos elementos socio - afectivos que poden frear o avance do grupo, por exemplo a competencia entre pandillas e a agresividade.
- Evitar o establecemento de diferenzas entre os hábiles e os menos hábiles.
- Considerar que a actividade física e o deporte, tanto escolar como extracurricular, son hábitos saudables e que deben situarse como hábitos ou condutas habituais, incluíndoos dentro do estilo de vida.
- Prestar atención non só ao resultado, tamén ao proceso de aprendizaxe.
- Concienciarse de que as expectativas que o docente ten sobre o alumnado influirán sobre o alumnado.
- Evitarase a transmisión sistemática de valores, promovendo a reflexión, xa que na vida os alumnos e alumnas deberán elixir, valorar por si mesmos, e deberán orientarse de forma acertada tanto na súa vida persoal, como social.
- Creatividade fronte estruturas de xogo que imitan os valores dunha sociedade competitiva como a nosa, proporcionando máis actividades cooperativas que competitivas.
- As clases serán o lugar ideal para fomentar a colaboración e solidariedade, respectando non só a opinión do resto, senón tamén os diferentes niveis de habilidade existentes. Os conflitos son inherentes ás relacións humanas e estas deberán axudar a clarificar posturas, intereses e valores. O docente só intervirá naqueles nos que non sexan capaces de resolvelos por si mesmos.
- Evitar formulacións que favorezan ou permitan calquera tipo de discriminación, xa sexa sexista, racial ou física.
- Actuar con coherencia, como xa se comentou, evitando, por exemplo, ser intransixentes nun momento e permisivos noutro para a mesma situación.
- Evitar a infracción das normas, que doutra banda han de ser definidas con claridade e coa suficiente flexibilidade de acordo ao nivel do grupo

**PROPOSTA PARA O PRESENTE CURSO NA ESO:**

- Realización de saídas de sendeirismo polas cercanías do Centro e polos montes da Serra de Barbanza, ó longo de todo o curso en horario escolar e/ou extraescolar.
- Organización e realización de marchas e carreiras de orientación no contorno do Centro e outras zonas de especial interese adecuadas a este tipo de actividade para alumnos/as da ESO en horario escolar e/ou extraescolar.
- Participación nas diferentes modalidades do programa Deporte en Idade Escolar; campo a través, carreiras de orientación, bádminton, coñece o teu clube e outras actividades ofertadas a través do devandito plan.
- Saídas á praia para a realización de xogos populares, alternativos e actividades no medio natural, en horario escolar e extraescolar.
- Realización doutras actividades extraescolares, visitas, saídas, organización de eventos deportivos, acampadas, etc. Relacionadas co deporte de ocio e tempo libre que completen os obxectivos e contidos da programación da materia. (Saídas con empresas especializadas na realización de actividades de ocio e tempo libre no medio natural: acampada, escalada, rafting, vela, piragüismo etc...)
- Participación en actividades relacionadas coa neve; excursióna á neve, cursos de esquí/snow...

## PROPOSTA PARA O PRESENTE CURSO NO BACHARELATO:

- Realización de saídas de sendeirismo polas cercanías do Centro e polos montes da Serra de Barbanza para alumnos/as de Bacharelato en horario escolar e/ou extraescolar. Saídas á praia para a realización de xogos populares, alternativos e actividades no medio natural, en horario escolar e extraescolar.
- Organización e realización de marchas e carreiras de orientación no contorno do Centro, e outras zonas de especial interese adecuadas a este tipo de actividade para alumnos/as do Bacharelato en horario escolar e/ou extraescolar.
- Saídas con empresas especializadas na realización de actividades de ocio e tempo libre no medio natural: acampada, rafting, vela, piragüismo etc...
- Realización doutras actividades extraescolares, visitas, saídas, organización de eventos deportivos, acampadas, etc. Relacionadas co deporte de ocio e tempo libre que completen os obxectivos e contidos da programación da materia. (Saídas con empresas especializadas na realización de actividades de ocio e tempo libre no medio natural: acampada, escalada, rafting, vela, piragüismo etc...)
- Participación en actividades relacionadas coa neve. Excursións á neve, cursos de esquí/snow...

---

### 9) INDICADORES DE LOGRO. PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

---

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoevaluación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado no aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller mellóralas no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

(Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				



6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- Os recursos empregados para impartir os coñecementos son atractivos e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuise e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

---

## 10) MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

---

Ao remate do curso, e antes de realizar á memoria correspondente procederáse á revisión, avaliación e modificación da programación proposta cara ao curso seguinte.

O procedemento de revisión levarase adiante atendendo á información proporcionada polo profesorado, a propia programación, aos indicadores de logro e os resultados obtidos no proceso de ensino-aprendizaxe reflectidos na correspondente memoria de fin de curso.

As propostas de modificación e mellora deberán ser aprobadas nas reunións de departamento correspondentes e afectarán a:

- A temporalización.
- A metodoloxía didáctica.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación.
- Os criterios de cualificación.

Calquera cambio durante o curso na programación prevista deberá ser posteriormente informado na reunión de departamento correspondente.

*Con que periodicidade se revisará?*

De maneira constante, no día a día, ó longo das diferentes unidades didácticas, ó longo do trimestre e ó rematar o curso.

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				

6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

<b>Práctica docente:</b>	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

11) TEMPORALIZACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

1ºESO

TRIMESTRE	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº SESIÓNS
Primeiro trimestre	PRESENTACIÓN	2
	EMEZAMOS QUENTANDO	4
	EXPLORAMOS O CONTORNO: SENDEIRISMO	5
	HÁBITOS SAUDÁBLES: HIXIENE POSTURAL	2
	CONDICIÓN FÍSICA: DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES BÁSICA E INICIO Ó ATLETISMO.	9
	APRENDER A MOVERSE: HABILIDADES MOTRICES BÁSICAS.	5
	TOTAL	27
Segundo trimestre	PASO DAS HMB ÁS ESPECÍFICAS: XIMNASIA	5
	INICIACIÓN ÓS DEPORTES DE EQUIPO: BALONCESTO.	5
	INICIAC. ÓS DEPORTES DE ADVERSARIO CON IMPLEMENTO: BÁDMINTON.	5
	A LINGUAXE DO CORPO	4
	HÁBITOS SAUDÁBLES: ALIMENTACIÓN	2
	XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS	4
	TOTAL	24
Terceiro trimestre	INICIACIÓN ÓS DEPORTES DE EQUIPO: FÚTBOL SALA	6
	XOGOS E DEPORTES NA NATUREZA: ORIENTACIÓN E XOGOS NA PRAIA.	5
	BAILES E DANZAS TRADICIONAIS	5
	TOTAL	19
	TOTAL	70

2ºESO

TRIMESTRE	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº SESIÓNS
Primeiro trimestre	PRESENTACIÓN:	1
	AS SESIÓNS DE ACTIVIDADE FÍSICA	1
	O QUECEMENTO	4
	HIXIENE POSTURAL	2
	CONDICIÓN FÍSICA: As capacidades físicas	6
	TEST DE APTITUDE FÍSICA	3
	A ACTIVIDADE FÍSICA E A SAÚDE	10
	TOTAL	27
Segundo trimestre	XOGOS E DEPORTES	4
	DEPORTES CON IMPLEMENTOS: badminton(II)	6
	INICIACIÓN ÓS DEPORTES DE EQUIPO	12
	TEST DE APTITUDE FÍSICA	2
	TOTAL	24
Terceiro trimestre	INICIACIÓN ÓS DEPORTES DE EQUIPO	7
	O SENDEIRISMO E A ORIENTACIÓN	6
	A LINGUAXE DO CORPO	4
	TEST DE APTITUDE FÍSICA	2

	TOTAL	19
	TOTAL	70

### 3ºESO

TRIMESTRE	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº SESIÓNS
Primeiro trimestre	PRESENTACIÓN:	1
	O QUECEMENTO	2
	TEST DE APTITUDE FÍSICA	4
	A ACTIVIDADE FÍSICA E A SAÚDE	10
	FLOORBALL	10
	TOTAL	27
Segundo trimestre	XOGOS E DEPORTES: VOLEIBOL	10
	INICIACIÓN ÓS DEPORTES SOCIOMOTRICES	10
	XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS	4
	TOTAL	24
Terceiro trimestre	INICIACIÓN ÓS DEPORTES SOCIOMOTRICES	7
	O SENDEIRISMO E A ORIENTACIÓN	6
	TEST DE APTITUDE FÍSICA	4

		2
	TOTAL	19
	TOTAL	70

#### 4ºESO

TRIMESTRE	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº SESIÓNS
Primeiro trimestre	PRESENTACIÓN	1
	CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE	10
	O BÁDMINTON (individual)	10
	CONTIDOS CONCEPTUAIS	2
	HIXIENE POSTURAL E PILATES	4
	TOTAL	27
Segundo trimestre	XOGOS E DEPORTES: Baloncesto.	8
	DESAFÍOS FÍSICOS COOPERATIVOS	6
	OS DEPORTES DE LOITA	10
	TOTAL	24
Terceiro trimestre	DEPORTES SOCIOMOTRICES	5
	AS CARREIRAS DE ORIENTACIÓN	6
	AS ACTIVIDADES CIRCENSES	5
	TEST DE APTITUDE FÍSICA	3
	TOTAL	19

	TOTAL	70
--	-------	----

## 1º BACHARELATO

TRIMESTRE	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº SESIÓNS
Primeiro trimestre	Actividade física e saúde(T.V.C.F)	8
	Deportes colectivos: baloncesto(3x3)	6
	O bádminton(dobres e mixtos II)	10
	Contidos conceptuais	3
	TOTAL	27
Segundo trimestre	Condición Física e adestramento	6
	Expre. Corporal:Acrosport	8
	Xogos e deportes alternativos:Kinball e Floorball	8
	Primeiros auxilios	2
	TOTAL	24
Terceiro trimestre	Expresión corporal: Acroaerobic.	8
	Os deportes sociomotrices: Fútbol sala	6
	Actividades no medio natural	4
	Contidos conceptuais	1
	TOTAL	19
	TOTAL	70



**12) ANEXOS:**

**-ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA.**

**13) CARPETAS:**

**Inclúe:**

**-CARPETA PROGRAMACIÓN: PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES**

**-CARPETA PROXECTO AGUA PARA PRIMEIRO DA ESO.**

# **ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA**

**Alumno/a Síndrome de Down  
Que cursa na actualidade**

**4ºESO**

## ÁREA ADAPTADA DE EDUCACIÓN FÍSICA:

### **OBXECTIVOS DO CURSO:**

- ❖ Coñecer, identificar e mellorar as capacidades físicas básicas, como sinónimo de mellora da súa saúde.
- ❖ Mellorar a concienciación e control do seu corpo, en relación co espazo, co tempo e con obxectos.
- ❖ Adquirir habilidades motrices básicas: desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.
- ❖ Desenvolver unha actitude favorable a participar en todo tipo de actividades físico-deportivas.
- ❖ Utilizar o corpo e o movemento como instrumento de expresión e comunicación.
- ❖ Participar en situación de comunicación corporal.
- ❖ Acadar hábitos de hixiene corporal.
- ❖ Recoñecer os beneficios da actividade física en relación coa saúde física e mental.
- ❖ Participar en todo tipo de xogos predeportivos.
- ❖ Comprender, aceptar e cumprir as regras dos xogos e deportes practicados.
- ❖ Valorar a actividade física en xeral ( e concretamente o xogo) como medio de diversión, de relación cos compañeiros e do emprego do seu tempo libre.
- ❖ Cooperar cos compañeiros en situación grupais, para o cumprimento dun obxectivo conxunto.
- ❖ Participar no desenvolvemento das actividades no medio natural, adquirindo un maior coñecemento dela mesma e descubrindoa como unha oportunidade máis de ocupación do seu tempo libre.

### **1. CONTIDOS:**

#### **A. CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE:**

- ❖ Acondicionamento xeral das capacidades físicas básicas relacionadas ca saúde.
- ❖ Práctica do quecemento xeral.

#### **B. HABILIDADES ESPECÍFICAS**

##### **B.1. Xogos e deportes**

- Práctica de habilidades motrices básicas.
- Coñecemento e práctica dun xogocolectivo.
- Comprensión e respecto polas regras que rixen un deporte.
- Participación en actividades cooperativas e competitivas encamiñadas ao aprendizaxe dun xogo colectivo.
- Participación como un membro máis do equipo en desafíos físicos cooperativos.

##### **B.2. No medio natural**

- ❖ Participación nas actividades físicas no medio natural.
- ❖ Cooperación no grupo para conseguir un obxectivo final.

### **B.3. Ritmo e expresión**

- ❖ Execución de bailes e coreografías individuais e colectivas.
- ❖ Control do corpo en relación co espazo, cos compañeiros e obxectos.

### **C. ACTITUDES, VALORES E NORMAS:**

- ❖ Adquisición de hábitos hixiénicos.
- ❖ Participación en actividades de expresión e comunicación.
- ❖ Cooperación no grupo para conseguir un obxectivo final.
- ❖ Valoración da actividade física como mellora da saúde en xeral.
- ❖ Aceptación e respecto polas normas dos xogos e deportes.
- ❖ Respecto polo medio ambiente.

## **2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- ❖ Amosar un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e funcionalidade, controlandoo en situación variadas en relación coa tensión/relaxación musculares e coa respiración.
- ❖ Proponer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou cons instrumentos.
- ❖ Desprazarse e saltar, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade.
- ❖ Xirar sobre os eixes lonxitudinal e transversal, mantendo o equilibrio nas execucións e achegando respostas motrices acordes coas prácticas solicitadas.
- ❖ Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose as traxectorias.
- ❖ Utilizar os recursos expresivos do corpo, os obxectos e os materiais para a comunicación de ideas, de emocións e de sentimentos e máis para a representación de personaxes e de historias, reais ou imaxinarias, individualmente e en grupo.
- ❖ Manter unha predisposición positiva cara á práctica da actividade física, valorando os seus beneficios para a calidade de vida e amosando interese na hixiene, na alimentación e na adquisición de hábitos saudables.
- ❖ Participar en xogos e en actividades deportivas con coñecemento das normas, resolvendo os retos cooperativamente e amosando unha actitude de aceptación cara as demais persoas.
- ❖ Buscar información sobre xogos populares tradicionais galegos en diferentes medios, interesarse polo seu coñecemento e praticalos.

### **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A nivel conceptual:

Realizarase ou ben a través de traballos, fichas, exames acordes ao seu nivel.

A nivel procedimental:

Mediante exames prácticos de probas físicas concretas, e mediante aobservación sistemática por parte do profesor.

A nivel actitudinal:

Levarase a cabo mediante a observación de certos criterios como:

ACTITUDES, VALORES E NORMAS	SI	NON	AV
<input type="radio"/> Respecta aos compañeiros			
<input type="radio"/> Respecta as normas			
<input type="radio"/> Coida o material			
<input type="radio"/> Colabora cos compañeiros			
<input type="radio"/> Participa activamente			
<input type="radio"/> Aproveita o tempo			
<input type="radio"/> Cambia a camiseta e se asea despois da práctica.			
<input type="radio"/> Trae roupa axeitada			
<input type="radio"/> É puntual			
<input type="radio"/> Asiste con regularidade			
<input type="radio"/> Favorece o desenrolo da clase			

### **3. ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE**

Actividades de diagnóstico (test inicial), de introducción-motivación (xogos grupais...), de desenrolo e aprendizaxe (exercicios individuais, xogos, desprazamentos...), actividades de reforzó (exercicios específicos para unha actividade concreta), de resume, comprobación, e de avaliación.

Exemplo de actividades que levaremos a cabo:

#### **A.- CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE**

- ❖ Correr co pulsómetro, poñendo atención ás pulsacións máximas ás que pode chegar.
- ❖ Realizar estiramientos activos.
- ❖ Realizar estiramientos pasivos cun compañeiro/a da clase
- ❖ Quentar seguindo o ritmo e os exercicios que establece o grupo.

#### **B.- HABILIDADES ESPECÍFICAS**

##### **B.1. Xogos e deportes**

- ❖ Desprazarse botando un balón.

- ❖ Lanzar unha pelota de gomaespuma ao aire e collela antes de que caia ao chan.
- ❖ Lanzar unha pelota a un compañeiro ca dereita e ca esquerda dando un bote no chan.
- ❖ Lanzar unha pelota a un compañeiro ca dereita e ca esquerda con traxectoria alta.
- ❖ Desprazarse pasándose un balón cun compañeiro.

### **B.2. No medio natural**

- ❖ Seguir pistas de rastreo no medio natural.
- ❖ Correr no medio natural
- ❖ Xogos na Praia (disco volador)

### **B.3. Ritmo e expresión**

- ❖ Seguir o ritmo da música mediante os pasos realizados polo profesor
- ❖ Facer unha figura entre 5 compañeiros da clase
- ❖ Facer unha figura entre 2 compañeiros da clase
- ❖ Transportar a un alumno entre varios compañeiros
- ❖ Ser transportados entre varios alumnos.